



M^a Dominga Brión Sanmiguel, Concelleira-Voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte **Moción** ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa situación do Parque Empresarial da Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Vivenda e Solo adxudicou en outubro do 2008, por 59.392 €, a redacción do proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento do Parque Empresarial do Barbanza, que se emprazará entre os municipios de Ribeira e Pobra do Caramiñal. A empresa que resultou adxudicataria, Nortagro S.L., dispoñía dun prazo de 2 meses para redactar este documento.

O proxecto do Parque Empresarial do Barbanza foi declarado de incidencia supramunicipal polo Goberno galego a principios do mes de setembro deste ano. Esta declaración viña motivada pola magnitude da actuación que se ía desenvolver sobre 1 millón de metros cadrados e porque dará resposta ás necesidades de solo produtivo na comarca da Barbanza, detectadas no estudo de viabilidade medioambiental, técnica e económica no que se analizaron 10 millóns de metros cadrados de terreo.

O investimento total que estaba previsto nesta actuación era de 32.062.224 euros, dos que máis de 27 millóns se adedicarian á urbanización e 4,1 millóns se empregarían na adquisición de terreos.

Cabe lembrar que o Parque Empresarial da Barbanza íase desenvolver sobre unha superficie total de 1.008.928 metros cadrados entre os municipios de Ribeira e Pobra do Caramiñal, que comparten unha economía relacionada co sector pesqueiro e cunha actividade industrial concentrada na conserva. Da superficie total, 541.520 metros cadrados serían de uso empresarial e industrial, 311.824 metros cadrados para espazos libres, 124.198 metros cadrados para a rede viaria e 31.386 metros cadrados para equipamentos.

Tamén incluía naves modulares para os pequenos empresarios que quixeran instalarse co obxectivo de dar resposta ás súas necesidades de solo produtivo a un prezo e nunhas condicións razoables. Estas naves terían un tamaño aproximado de 500 metros cadrados e serían adxudicadas en réxime de aluguer con opción de compra transcorridos 10 anos.

Ademais, o futuro Parque Empresarial do Barbanza contaría cun edificio de usos múltiples para dar servizo aos empresarios que se instalasen neste parque, tanto de Ribeira como de Pobra do Caramiñal. Este edificio, que contaría con espazos comúns de novas tecnoloxías, estaba previsto que se situara nunha parcela de uso dotacional público e sería adxudicado por concesión administrativa durante un prazo determinado de tempo.

O Parque Empresarial do Barbanza estaba incluído no Proxecto Galiza Suma, que suporía a construción de parques empresariais estratéxicos e ben dimensionados, cunha alta calidade arquitectónica e tecnolóxica, con dotacións e servizos propios do século XXI.

Nestes intres descoñecemos a situación na que se atopan os trámites para a construción deste parque empresarial, estratéxico para a economía de Ribeira e da Comarca, que foi deixado nunha fase moi avanzada pola Consellería de Vivenda e Solo do anterior goberno da Xunta.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

A C O R D O :

Instar á Xunta de Galiza a que de forma urxente retome este proxecto para que o Parque Empresarial da Barbanza, sexa unha realidade o antes posíbel.

Ribeira, 12 de febreiro de 2010

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA